


A este texto fáltanlle
algunas comas e puntos.
Poderías escribilos nos
luares axeitados?



Sei que pensaredes que estou un pouco tolo pero eu levántome
contento cada mañá aínda que sexan as 7:15 ou mais cedo
Case sempre almorzo unha cunca de leite e unhas torradas con
manteiga aínda que a miña nai sempre intenta colarme
algunha peza de froita polo medio Di que o fai para que non
colla catarros e iso

Vístome lavo os dentes e tiro para o colexio a toda presa
porque gústame estar alí dos primeiros

Chego ao cole ás 8:30 porque está moi preto da miña casa

Saúdo a D. Pedro o bedel e pónome a xogar ao fútbol cos
compañeiros que andan polo patio Cando toca a sirena
despedímonos xa que estamos en distintos cursos e
pitamos rápido para as aulas Temos menos de media hora
porque a primeira clase comeza ás 8:50 pero presta moito
e por iso vou tan animado ao cole cada mañá



María Liste 